



Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

San Xil de Bóveda

No concello de Bóveda (Lugo), na parroquia do mesmo nome, hai unha ermida dedicada a San Xil que está no Monte Santo. San Xil é o patrón do concello e fanlle festa o 1 de setembro, que é o seu día, e o seguinte.

O día do patrón acostumaban a levar o San Xil en procesión desde a súa ermida ata a igrexa parroquial, e alí o deixaban. Mais ao outro día o santo aparecía na súa ermida sen que ninguén, que se saiba, o transportase.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Información oral. Ano 2004.